

# Xesus Campos, o conquistador

Se hai unha palabra que imediatamente se me aparece asociada cando penso en Xesus, é a palabra sedución. É que o Chíchi, que así era como o chamabamos desde sempre, era un ser atractivo que cativaba con infinitade de feitizos. Deixando a un lado todas as virtudes que posuía, nengunha destacaba tanto como ese talento innato para conectar cos demais. Chíchi era un comunicador excepcional; seducía cos seus debuxos, cos seus artigos, coa sua conversa, coas suas maneiras, co seu encanto e imaxinación. Era todo un acontecemento estar con el e escóitalo, fícasbas pampo, como enmeigado: penetraba nos feitos e nas persoas con tal rapidez e agudeza que era imposíbel segui-lo.

Pero é que con ese físico que tiña, estrutura ósea singular, elegante delgadez, esa cultura sen límite nen fisuras —porque o que non sabia intuía-o—, esa postura cara a vida desinteresada e crítica e, sobretodo, con esa intelixéncia abraiente, non podía ser doutra maneira. E digo a intelixéncia, porque sen ela sería imposíbel calquer das outras virtudes reseñadas, en especial unha das que se subliñan de cote ao falar do Chíchi: a sua virtude de humorista. Todos están de acordo en que era un grande humorista. Sen embargo eu penso que o Chíchi non era nen facía humorismo, creo que el mesmo era a personificación do humor. O humor como maneira de encarar a vida e darlle resposta ao drama da existéncia, que non ven ser outra cousa que a forma que adoptamos para poder suportar semellante lério, no que non entendemos nada e todo se nos bota enriba.

O espectáculo da sua intelixéncia vertixinosa na crítica aguda e tenra á vez, era algo que xamais volveremos presenciar. Había algo no Chíchi, unha mistura de rapidez, improvisación e crítica, que nunhas décimas de segundo permitíalle procesar e comunicar cou-

sas ás que os demais dificilmente chegaríamos. Esta facilidade de pescudar e expresar, este poder chegar onde os demais non podiamos, fixo que entrase, posibelmente, nunha carreira imparábel. Cando moitos de nós acougámos e fomos pondo freo a moitas das nosas ilusións e proxectos, el seguiu adiante e quixo ser fiel aos seus principios e á sua integridade.

Tiven a sorte de coñecer persoas asi, coma o Chíchi, e algo sei do lério. Algunhas, coma o editor Pepe Martínez, criador de *Ruedo Ibérico*, co que me uniu unha profunda amizade, tiña moitas cousas en comun co Chíchi. Ambos os dous sedutores non suportaron o corrimiento que se estaba a producir, o transvase de valores, de ideoloxias que se esnaquizaban, de amizades que non o eran, ou as caídas dalgún que outro muro. En realidade houbo un momento en que non lles interesou seguir aqui, e o desencanto fixo o demais. Xogadas do destino: o encantador desencantado.

Moitos de nós, a maioria de nós, intentámos cambiar o mundo sen conseguilo, e optámos pola via do profeta: se o mundo non se amolda a nós, amoldámonos nós ao mundo. Ou o que é o mesmo: se a montaña non ven a min, vou eu á montaña. Pero ao Chíchi iso non lle valía; o seu inconformismo era de boa lei e non atopou outro camiño. O da integración arrepiába o e difícilmente era piadoso cos borregos de volta ao redil. Pero tampouco fixo fachenda desa postura, nen buscou no elitismo, na prepoténcia ou a amargura saída ao desencantamento. Foi cruel e duro cos mediocres, pero tenro cos máis humildes e desvalidos, que son os que máis sufren as consecuencias dos pobres de espírito e talento. Foi tenro, tamén, con este país, pero implacábel cos que o destruen. Pensándoo detidamente, ao Chíchi levouno á tumba o apodrecimento deste povo en vias de desaparición. Estou seguro de que non pudo suportar a lamentábel función dun país lesionado, lisiado, arrasado como é a Galiza, sen a mínima oportunidade de futuro. Tampouco aturou aos compracentes de turno que afirmaban todo o contrario, aos que se venderon por duas cadelas, aos lambecus e falsos libertadores.

En certa maneira Xesus fixo ben en marcharse antes da desfeita que nos agarda. Para facer de espectador de todo o que está a acontecer nesta terra despelexada haberá que ter un bon estómago, e el —seino de boa tinta— non o tiña preparado para semeillante fartadela.

Estremézome cando penso que xa non está entre nós; unha mistura de amargura, de rábia e de emoción invádeme. Sabes que fuches amigo e compañoiro dun ser irrepetíbel e excepcional, e

sabes que xamais haberá unha personaxe así, da sua talla humana e da sua incomensurábel personalidade. Pero boto man dun consolo: sei que a morte non libera; a morte compromete. Nas páxinas que seguen fica un anaco deste home, un compromiso, un testemuño, unha adverténcia de que andará por aí fitándonos e caricaturizándonos, e xamais sairá dos nosos corazóns nen das nosas conciencias.

**XOSÉ DÍAZ**

Xesus Campos

# STAMPAS DO MUNDO ELEGANTE



EDICIONES  
**A NOS A TERRA**

PRENSA E CRIACIÓN